



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de xuño de 2009, adoptou o seguinte acordo:

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA “PARQUE INFANTIL ALAMEDA SEÑAL”

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra do **PARQUE INFANTIL ALAMEDA DO SEÑAL**, á empresa HPC IBÉRICA, S.A.; co CIF nº A-58620808 e domicilio na rúa París nº 184, 2ª de Barcelona, polo importe de TRESCENTOS CUARENTA E CATRO MIL SETENTA EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS //344.070, 63 €/// cunha mellora sen custe adicional valorada en SETE MIL TRESCENTOS CUARENTA E TRES EUROS //7.343,00 €///, un prazo de execución de dous meses e quince días, e unha aportación de man de obra de oito persoas, das cales sete están integradas no cadro de persoal da empresa e unha será de nova contratación.

Segundo.- Outorgar un prazo de catro días para a sinatura do contrato.

Terceiro.- Notificar o acordo que se adopte, ao adxudicatario e demais licitadores, á Intervención Municipal e á Directora de obra.

Cuarto.- Dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 8 de xuño de 2009.